



PROGRAMACIÓN PARA ABRIL MES DOS LIBROS 2011

*Nota: este ano a día do libro cadra nas
vacacións de Semana Santa.*

CLUBS DE LECTURA

- Xuntanza do Club " Os comilóns de libros" de 5º curso. O libro que comentarán é "O misterio dos fillos da Lúa" de Fina Casalderrey. Coordina Maika Juncal (titora de 5º de Infantil).
- Xuntanza do Club "Amigos de aventuras" de 6º curso . O libro que comentarán é "Matilda" de Roalh Dhal. Coordina Gloria Barreiro (titora de 3º curso).
- Xuntanza do Club de lectura de nais. O libro que están lendo é "Almas grises" de Philippe Claudel. Coordina Suso Parada (bibliotecario municipal)

CONTACONTOS, ESCRITORES, ILUSTRADORES, TEATRO

-Primeira semana de Abril:

Alumnado do IES A Paralaia fará dúas sesións de conta contos no noso cole. Para Infantil e 1º Ciclo.

-Día 1 de Abril:

Contacontos para 6º de Infantil e 1º Ciclo de Primaria.

-Día 7 de Abril:

Obradoiro de banda deseñada de Abraham Carreiro. Para 3º ciclo de Primaria.

-Día 26 de Abril:

No auditorio municipal de Cangas, representación en Inglés do conto Peter Pan para Infantil, 1º e 2º Ciclo.

-Última semana de Abril

Ann Alfaya para 2º ciclo de Primaria.

VARIOS

OBRADOIROS DE PLÁSTICA:

-Actividades plásticas en todas as titorías relacionadas cos personaxes de libro favoritos de cada clase.

NÓS TAMÉN CONTAMOS:

-O alumnado de 2º ciclo le contos para Infantil e 1º ciclo co Kamishibai na hora de ler ao longo de todo o mes: 3º presenta "Contos de ratiños" e 4º "Elmer"

FACEMOS TEATRO:

Empezamos a preparar as adaptacións teatrais de contos para o festival das letras galegas.

CONTAMOS ÁS FAMILIAS



-Enviaremos como en cursos anteriores a ficha ás familias para que respondas á pregunta:

"Dos libros que liches, cal é o teu personaxe favorito?.Explica un pouco os motivos da túa elección".

Coas respostas imos montando unha exposición, e logo converterémolas en libros, como en anos anteriores.

-Como en anos anteriores, enviaremos unha notiña ás familias na semana anterior ao Día 23 de Abril, falándolles da celebración, lembrando o desconto do 10% nos libros nese día, e animándoos a mercar libros para todos/as.

-Xuntanza do equipo de apoio á biblioteca escolar para desenvolver diferentes propostas (préstamos de verán, recanto de lectura e información, actividades na biblioteca municipal)

EXPOSICIÓNS

-Exposición dos traballos plásticos dos obradoiros.(personaxes literarios favoritos de cada titoría)

-Exposición de respostas das familias "PERSONAXES FAVORITOS".

-Exposición de libros feitos nas aulas ou no cole este curso, e cursos anteriores "NOS TAMÉN SOMOS ESCRITORES".

COLABORACIÓN COAS LIBRERÍAS

As librerías do concello, (O Pontillón, Alborada,e Kopiak) préstannos, igual que os cursos pasados, as novidades editoriais, para facer unha exposición na semana anterior ao 23 de Abril. Convidaremos ás familias a que veñan velos.E un xeito de mostrarlle libros que non mercamos na escola, por ser delicados, especiais,...

TRABALLOS NA REDE

-Póster dixital sobre o día do libro feito polo alumnado de 6º curso. A información ven na miniquest "Abril mes do libro".

Información sobre as diferentes actividades nos blogs de ciclo e no da biblioteca escolar.Traballos dixitais relacionados coa lectura segundo propostas dos ciclos.

DIA DO LIBRO

-Como en cursos anteriores, o director vai repartir en cada clase un diploma e un agasallo ao neno e a nena que máis libros levou en préstamo da biblioteca escolar. Tamén as categorías profesores, familias, e persoal non docente.

-Todo o alumnado e profesorado levará un agasallo da biblioteca escolar.